



*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza*  
 Travesa dos Basquiños, 9, baixo  
 15.704 Santiago de Compostela  
 Tfno e fax: 981-570099  
 Correo: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)  
 Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)

## **ENCOL DO PROXECTO DE LEI POLO QUE SE REGULAMENTA O APROVEITAMENTO EÓLICO EN GALIZA E CREA O CANON EÓLICO E O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL**

### **Aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza**

Dende que en ADEGA tivemos coñecemento do primeiro borrador do proxecto de Lei Eólica que vostedes van a empezar a debater no Parlamento e que, unha vez aprobada, vai a substituír ao actual Decreto 242/2007, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galiza, temos manifestado reiteradamente a nosa preocupación polo grave retroceso que este proxecto de Lei Eólica representa en relación a protección ambiental recollida no actual Decreto.

Através do presente escrito, queremos facer chegar ata todos os membros e membras dos grupos con representación parlamentaria e, polo tanto, con responsabilidade directa na redacción final deste proxecto de Lei, esta nosa preocupación, co desexo de que podan tomar nota das emendas que suxerimos e poda así o noso patrimonio natural recuperar o grado e as garantías de protección ambiental recollidas no Decreto 242/2007.

#### **I.- A protección da Rede Natura:**

A nivel internacional e no ámbito Europeo, hai xa tempo que se ten asumido a necesidade ineludíbel de actuar institucionalmente a favor da conservación e protección do patrimonio natural da biodiversidade e non só por motivacións éticas e estéticas, senón porque, tal e como nos recorda a Comisión Europea na súa comunicación COM (2006) 216 final, tamén *“dende o punto de vista económico, a biodiversidade beneficia ás xeracións actuais e futuras grazas aos servizos dos ecosistemas: produción de alimentos, combustibles, fibras e medicamentos, regulación do ciclo da auga, do aire e do clima, mantemento da fertilidade do solo e ciclo de nutrientes”*, etc.

No ámbito da Comunidade Europea esta preocupación polo patrimonio natural vén xa de lonxe, cunha **Directiva Aves (79/409)** que se remonta ao ano 1979 e á que lle seguirían máis tarde, a Directiva 85/337, sobre avaliación de impacto ambiental, a **Directiva 92/43 de Hábitats**, sobre a protección de hábitats e especies, pola que se crea a rede ecolóxica Natura 2000, así como un **VI Plan para o Medio Ambiente 2001-2012**, que entre os seus obxectivos, quere integrar a protección da natureza e a biodiversidade na súa política de cooperación para o desenvolvemento. Asemade, a **Estratexia para o Desenvolvemento Sustentábel (2006)**, convida a *“recoñecer o valor dos servizos ecosistémicos e frear a redución da diversidade biolóxica antes do ano 2010”*

Dende esta preocupación, tamén Galiza ten elaborado as súas propias directrices e lexislación contando hoxe cunha Lei 9/2001, de Conservación da Natureza de Galiza, que habilita

distintos instrumentos para a conservación e protección da biodiversidade; cunha lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galiza, que completa esta protección dende o punto de vista dos usos urbanísticos do solo, e cunha **Estratexia Galega para a Conservación e Uso Sustentábel da Biodiversidade** (EGCUSB), do 2003, que, en relación a biodiversidade, fai fincapé na conservación dos hábitats da Rede Natura 2000, na conservación e recuperación das especies ameazadas e na consolidación dunha Rede de Espazos Naturais Protexidos ecoloxicamente representativa e coherente, todo isto concibido, non como atranco ao desenvolvemento e ao benestar e calidade de vida da poboación local, senón como oportunidade engadida, comprometéndose a Estratexia a desenvolver *“programas específicos de apoio ás comunidades locais relacionadas cos espazos naturais protexidos que deberán de estar integrados dende un principio nos instrumentos de ordenación e planificación do territorio”*. (EGCUSB, páxina 115).

Apesar de todas estas directrices e lexislación, é a propia Comisión Europea na comunicación antes citada quen nos advirte de que *“os ecosistemas europeos teñen sufrido unha fragmentación debida á actividade humana superior á rexistrada nos demais continentes”* ou de que *“no que se refire ás especies europeas, un 42% dos mamíferos autóctonos, un 43% das aves, un 45% das bolboretas, un 30% dos anfibios, un 45% dos réptiles e un 52% dos peixes de auga doce están ameazados de extinción”*.

Os espazos da Rede Natura 2000, segundo dispoñen a Directiva 92/43/CEE e a Lei 42/2007, do patrimonio Natural e a Biodiversidade, constitúen precisamente un dos instrumentos primordiais para, dentro do ámbito Europeo, *“garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de que se trate na súa área de distribución natural”*. (Directiva 92/43/CEE).

No artigo 6.2 do actual Decreto 242/2007 recóllese esta preocupación pola biodiversidade dispoñendo que *“quedan excluídos da implantación de parques eólicos aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais para formaren parte da Rede Natura 2000 consonte ao Decreto 72/2004, de 2 de Abril, ou normativa vixente en cada momento”*.

Esta **exclusión**, na que se inclúen os actuais Lugares de Importancia Comunitaria declarados Zonas de Especial Conservación dos Valores Naturais (ZEPVN) polo Decreto 72/2004 así como os que, no futuro, se podan declarar ZEPVN, ben porque figuren na proposta de ampliación da Rede Natura, ben porque, en atención ao disposto no artigo 16 da Lei 9/2001, así sexan declarados como tales pola Consellería competente (e que a lexislación asturiana ten incorporado xa dende o derogado Decreto 13/1999 polo que se regulaba o procedemento de instalación de parques eólicos no Principado de Asturias), **non pode deixar de ser recollida de forma explícita** (máis aló do que se recolle na disposición transitoria segunda) no texto da Lei que veña a substituír ao actual Decreto: cando hai moitos outros espazos susceptibles de aproveitamento eólico, non deberan os intereses do negocio eólico prevalecer por riba do interese social por recuperar, conservar e protexer os nosos máis valiosos e máis ameazados hábitats e especies naturais. E hai que engadir que non faltan argumentos sociais para tamén defender esta exclusión, pois é evidente que non vai ser nada doado solicitar da poboación local un maior respecto ás limitacións impostas pola Rede Natura, cando esa mesma poboación ve instalarse, sobre eses mesmos espazos, unhas infraestruturas de non menor impacto. E tampouco faltan razóns de seguridade xurídica ao promotor quen, sen esta exclusión, enfróntase a posibilidade dunha avaliación ambiental negativa ou de ter que litigar ante calquer contencioso administrativo a idoneidade da súa instalación fronte aos valores ecolóxicos duns hábitats ou unhas especies protexidos pola Directiva 92/43/CEE.

## **II.- Avaliación de impacto ambiental:**

O trámite da avaliación ambiental, tal e como sinala a Directiva 85/337, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, parte de *“subliñar que a mellor política do medio ambiente consiste en evitar, desde un principio, a creación de contaminacións ou danos, máis que combater posteriormente os seus efectos e afirmar*

*a necesidade de ter en conta, canto antes, as repercusións sobre o medio ambiente de todos os procesos técnicos de planificación e decisión.*” (Directiva 85/337/CEE)

Non se trata, pois, dun trámite superfluo destinado a entorpecer o desenvolvemento de proxectos, por máis que moitas veces, dada a falla de rigor dos Estudos de Impacto Ambiental admitidos, as irregularidades consentidas ou a lixeireza na formulación das Declaracións de Impacto Ambiental, poda máis ben parecerlo. Trátase, pola contra, de que mediante o concurso da participación pública pódase avaliar e coñecer previamente á súa execución, os efectos de cada proxecto sobre o medio ambiente coa finalidade de *“protexer a saúde humana, contribuír á calidade de vida mediante un mellor entorno, velar polo mantemento da diversidade de especies e conservar a capacidade de reprodución do ecosistema como recurso fundamental para a vida”*. (Directiva 85/337/CEE).

Trátase en definitiva, dun procedemento que acertadamente desenvolto, debe de constituír o *“instrumento máis adecuado para a preservación dos recursos naturais e a defensa do medio ambiente”* e *“a forma máis eficaz para evitar as agresións contra a natureza, proporcionando unha maior fiabilidade e confianza ás decisións que podan adoptarse, ao poder elixir, entre as diferentes alternativas posibles, aquela que mellor salvagarde os intereses xerais dende unha perspectiva global e integrada e tendo en conta todos os efectos derivados da actividade proxectada”*. (Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos)

O vixente Decreto 242/2007 empeza dispoñendo, no seu artigo 6.1, que *“todos os proxectos de parques eólicos se someterán a avaliación de impacto ambiental e serán obxecto dunha declaración de impacto ambiental na consellería competente”* para máis adiante completar esta disposición establecendo que a *“súa valoración positiva será requisito indispensable para o outorgamento da autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución”*. (Decreto 242/2007. Artigo 14.7)

No proxecto de Lei Eólica desaparece, porén, esta obriga xeral e en lugar de incrementar protección e garantías como ten ocorrido noutras comunidades autónomas, retrocédese até o anterior Decreto 302/2001 para acollerse ao disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental. (Proxecto de Lei Eólica. Artigo 36)

Segundo este Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental, só precisarán avaliación de impacto ambiental *“as instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía eléctrica (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que se encontren a menos de 2 quilómetros doutro parque eólico”* (Real Decreto 1/2008. Anexo I. Grupo 3.i) ou de máis de 10 aeroxeradores cando se instalen en *“zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación da Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de Abril do 1979, e da Directiva 92/43/CEE, do Consello, de 21 de maio de 1992, ou en humedais incluídos na lista do Convenio Ramsar”*. (Real Decreto 1/2008. Anexo I. Grupo 9.b.9).

A disposición referida á avaliación de impacto ambiental que o proxecto de Lei Eólica establece no seu artigo 36 ven, desta forma, a significar, na práctica, que **os parques eólicos baixo competencia da Xunta (ata 50 MW de potencia) quedan excluídos do procedemento de avaliación ambiental obrigatoria**, salvo que a Administración, interpretando e aplicando os criterios do Anexo III da Directiva 85/337/CEE e do Texto Refundido da Lei de Impacto Ambiental, veña a decidir o contrario.

Dende o punto de vista da protección duns espazos que, as máis das veces, albergan hábitats de enorme valor ecolóxico e ambiental, constitúen paisaxes singulares ou que, por tratárense de montes veciñais en man común, teñen recoñecido unha utilidade pública previa, **non pode aceptarse**, incluso para maior seguridade xurídica do promotor, deixar na discrecionalidade da Administración a decisión de se un determinado parque eólico necesita ou non ser sometido á avaliación de impacto ambiental: se se quere avanzar nos obxectivos de protección da biodiversidade, é imprescindible que a lexislación ambiental alcance o mesmo nivel de coherencia, determinación e rigor que o resto da lexislación e, polo mesmo, nada menos recomendable que a

discrecionalidade da administración para a avaliación ambiental de infraestruturas de innegable impacto paisaxístico e de nada menores impactos sobre o medio ambiente.

**Así pois, solicitamos das súas señorías a recuperación no texto da Lei Eólica da obrigatoriedade da avaliación de impacto ambiental para todos os parques eólicos, e ademais que esta avaliación ambiental inclúa, no mesmo Estudo de Impacto Ambiental e no mesmo procedemento, a avaliación de impactos dos camiños de acceso e das liñas de evacuación da enerxía eléctrica: se estas infraestruturas son indispensables para o aproveitamento eólico, de ningunha maneira debe aceptarse que podan ter avaliacións de impactos separadas.**

A normativa de avaliación de impacto ambiental de Galiza (Decreto 442/1990, de Avaliación de Impacto Ambiental, e Decreto 327/1991, de Avaliación de Efectos Ambientais) é hoxe unha normativa obsoleta, moi superada pola normativa estatal. Necesita pois da súa actualización urxente e dunha urxente clarificación, sobre todo no que se refire aos contidos dos Estudos de Impacto Ambiental e a corrección das deficiencias na avaliación e selección de alternativas. Deberíase, xa que logo, acometer con urxencia tais modificacións referidas a:

- Obrigatoriedade de exposición pública de toda a documentación aportada a efectos da formulación da Declaración de Impacto Ambiental, co fin de garantir que o público poda ter acceso a toda a Documentación complementaria aos Estudos de Impacto Ambiental que os promotores teñen moitas veces que entregar par corruxir as deficiencias de tais Estudos,

- Efectos e garantías de cumprimento do condicionado ambiental incluído na Declaración de Impacto Ambiental en relación cos trámites administrativos posteriores ao obxecto de garantir a súa aplicación;

- Caducidade das declaracións de impacto, de efectos ou de incidencia ambiental no caso de non executarse o proxecto nos prazos previstos.

Por estas razóns, consideramos que, en tanto non se aborde a modificación de tal lexislación, a nova Lei Eólica, no apartado referido á obrigatoriedade de avaliación de impacto ambiental que solicitamos recuperar, debe de recoller as garantías oportunas ao respecto obrigando a:

- Que nos Estudos de Impacto ambiental se avalíen ao mesmo nivel todas as alternativas presentadas,

- Que toda a información complementaria aportada pola empresa sexa sometida a información pública e o público poda ter, en tempo, acceso e dispoñibilidade a toda a documentación e informes emitidos pola Administración;

- E dado que as Declaracións de Impacto Ambiental han ser vinculantes e de obrigado cumprimento, inclúanse garantías de que non poderá haber aprobación definitiva do proxecto sectorial nin autorización definitiva das instalacións en tanto non se acredite o cumprimento daqueles aspectos do condicionado ambiental previos á execución do proxecto;

- Establecemento dun prazo para a caducidade das declaracións de impacto ou de efectos ambientais non superior a catro anos.

### **III.- Plano Sectorial Eólico.**

O proxecto de Lei Eólica desenvolve nos artigos 5 e 6 os criterios e efectos da Planificación do aproveitamento eólico en Galiza que se plasmará no Plano Sectorial Eólico de Galiza e se tramitará como “*plan sectorial de incidencia supramunicipal aos efectos do establecido no capítulo V da Lei 10/1995, do 23 de Novembro, de Ordenación do Territorio de Galiza e na súa normativa de desenvolvemento*”. (Proxecto de Lei. Artigo 6) e, polo tanto, “*vincularán o planeamento do ente ou entes locais en que se asentén*” (Lei 10/1995. Artigo 24) e “*prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente*” (Decreto 80/2000. Artigo 8.1)

Trátase, pois, dun Plano Sectorial de enorme incidencia pola extensión da súa ocupación, sobre a Ordenación e Planificación do Territorio e, en consecuencia, débenselle esixir as máximas garantías de respecto e compatibilidade cos demais usos do territorio.

A este respecto, os usos ambientais, paisaxísticos ou culturais do solo, porque carezan de aproveitamento económico directo algún, non por iso deben ser os últimos en seren tomados en consideración. Neste senso, **solicitamos das súas señorías que no texto da Lei referido a esta planificación sectorial inclúan zonas e criterios de exclusión que, por riba do negocio do aproveitamento eólico, poñan en valor os servizos ecosistémicos, culturais e de calidade de vida que nos ofrecen os espazos naturais protexidos, nomeadamente parques naturais e espazos da Rede Natura ou con hábitats e especies prioritarias, ou as áreas de litoral e as de interese paisaxístico e patrimonial.**

Así se ten feito na Comunidade de Asturias dende o derogado Decreto 13/1999 e así o sigue mantendo o Decreto 43/2008, do Principado, sobre procedementos para a autorización de parques eólicos polo Principado de Asturias, (Decreto 43/2008, Anexo), no que se relacionan diferentes zonas de exclusión no que se inclúen a totalidade dos espazos da Rede Natura, todas as zonas de especial conservación para as aves, a totalidade da franxa costeira até a coroación das serras litorais, así como outras zonas de interese arqueolóxico, de interese para a fauna, de interese paisaxístico, de interese forestal, de litoral, etc.

Por outra banda, en relación coa delimitación das áreas de desenvolvemento eólico do Plano Sectorial Eólico e ás zonas de exclusión que dito Plano debería recoller, temos que sinalar que todo ordeamento de usos do territorio empeza por coñecer e avaliar todas as potencialidades e oportunidades. Mal empezariamos pois, se antes de seguir desenvolvendo todo tipo de planos sectoriais, non acordamos antes unhas directrices e un Plano completo de Ordenamento do Territorio. Este debería ser o primeiro paso antes da tramitación e aprobación de calquer Plan Sectorial de incidencia supramunicipal.

En consecuencia co anterior, **solicitamos a substitución da xa citada disposición transitoria segunda que establece a vixencia áreas de desenvolvemento eólico (ADES) nas áreas de reserva e áreas de investigación definidas no Plano Sectorial Eólico de Galiza vixente, por outra que, con independencia da superposición das ADES cos espazos da Rede Natura ou con áreas non susceptibles de máis aproveitamentos, declare a suspensión de toda tramitación de parques eólicos en tanto non se acometa e se aprobe a necesaria modificación do Plano Eólico.** Só así poderán os novos aproveitamentos respectar as directrices que sobre incidencia territorial e ambiental que o Plano necesita definir e só así poderanse tamén respectar as novas zonas de exclusión que o novo Plano Sectorial Eólico chegue a definir.

#### **IV.- O Canon Eólico:**

O proxecto de Lei Eólica, argumentando de forma preocupante a favor da completa liberalización da xeración eléctrica e eólica, ven a introducir co nome de canon eólico unha nova tributación coa que compensar os ingresos cedidos á Xunta de Galiza como resultado da resolución do concurso eólico realizado en base ao vixente Decreto 242/2007.

A esta nova tributación e á súa regulación e administración através do Fondo de Compensación Ambiental que se crea ao efecto, adica o proxecto de Lei case que a metade do articulado (20 artigos de 44), xustificándoa ao amparo do principio de “quen contamina paga” como unha forma de *“compensación a favor das concretas áreas territoriais que soportan e sosteñen a implantación de parques eólicos”* (Exposición de motivos I. Parágrafo 5), derivada da alteración ambiental e “deseconomía” que a instalación de aeroxeradores supón para o medio ambiente en forma de *“servidumes, (de) cargas inevitables para o entorno, para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se localizan, que en parte devén transformado no só como consecuencia do impacto visual producido pola existencia dos aeroxeradores, tamén como resultado das infraestruturas que eses elementos requiren coma son os camiños de acceso e as liñas de evacuación”*. (Exposición de motivos I. Parágrafo 5).

Sen deixar de sorprendernos porque esta preocupación polo entorno que se manifesta xa na exposición de motivos, véñase a traducir no articulado do proxecto de Lei na desaparición da obrigatoriedade da avaliación de impacto ambiental e nun grave retroceso en protección ambiental ao volver a permitirse a instalación de parques eólicos en espazos da Rede Natura e demais zonas

de especial conservación dos valores naturais, dende a nosa preocupación e vontade de dotarnos de procedementos e mecanismos de protección ambiental eficaces, temos que manifestar o noso **desacordo con que tal canon eólico poda revestirse de tributo ambiental.**

A fiscalidade ambiental, sen renunciar aos seus efectos recaudatorios, ten sempre que servir para motivar e provocar un cambio de actitudes no consumidor/a ou produtor/a a favor do medio ambiente polo feito mesmo da imposición do gravame e non a resultados da finalidade, máis ou menos ambiental, que podan ter os ingresos obtidos.

Neste senso, o canon eólico proposto pode que acerte en considerar como feito impoñible “*a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores afectos á produción de enerxía eléctrica*” (Proxecto de Lei. Artigo 11), pero erra cando logo, na definición do tipo de gravame e de cota tributaria, descoñece calquera relación entre tributación e valores ecolóxicos, ambientais, culturais ou paisaxísticos afectados e limitátese (Proxecto de Lei. Artigo 15) a fixar un gravame no que só contabilizan o número de aeroxeradores instalados e non os impactos xerados.

Tal tributación pode que sirva para animar aos promotores a utilizar máquinas de maior potencia reducindo o número de aeroxeradores instalados, mais compre ter en conta que maior potencia e menos torres non sempre vai ir asociado a menores impactos, pois é innegable que maior potencia implica torres e diámetros de pala máis grandes e, consecuentemente, camiños de acceso máis anchos e bases de sustentación máis profundas e de maior diámetro, con consecuente incremento de impactos en función do espazo e valores ambientais afectados. Así pois, cando falta calquer relación a todo tipo de valores ecolóxicos, ambientais, patrimoniais, culturais, paisaxísticos ou sociais, **non é o número de aeroxeradores instalados un criterio acertado de valoración de impactos.**

Pode, máis ben, que con tal tributación, retrocedamos aos modos e maneiras dos primeiros parques eólicos instalados no Xistral (un espazo da Rede Natura do norte de Lugo con hábitats prioritarios únicos en Europa e moi sensíbeis á calquer intervención), cando para evadir unha avaliación de impacto ambiental rigorosa, cada parque eólico fraccionábase, a efectos administrativos que non de execución, en tres ou máis parques eólicos de menor potencia.

**Propoñemos, pois, a eliminación do texto da futura Lei Eólica de todo o relativo ao Canon Eólico e consecuente Fondo de Compensación Ambiental e a súa substitución por unha disposición adicional que recolla a obriga de, no prazo máximo de un ano, presentar ante o Parlamento unha Lei Marco de Fiscalidade Ambiental que recolla os principios dende os que desenvolver, de forma coherente unha tributación ambiental que resulte eficaz para o obxectivo de redución de impactos ou de conservación e protección a conseguir.** Só dende unha Lei Marco poderíanse evitar contradicións e inxustizas como as de impoñer tributación ambiental a unha actividade legalmente primada polos seus beneficios ambientais, mentres, por exemplo, a actividade extractiva (minas e canteiras) apesar da destrución de hábitats e de solo que provoca, non esta obrigada a tributación algunha.

Agardamos que teñan en conta estas suxestións e as incorporen ao texto definitivo da Lei Eólica, actualmente en trámite parlamentar.

Compostela, 14 de novembro do 2009

Asinado,

Adela Figueroa Panisse, Presidenta de ADEGA